



RESOLUCIÓN DO 20 DE SETEMBRO DE 2011 DA DIRECCIÓN DA ACSUG, POLA QUE SE ADXUDICA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO RELATIVO AO TRABALLO DE CAMPO DO "ESTUDO DA INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 2008-2009" [LCSP- Nº 2011/1]

O 1 de setembro de 2011 a ACSUG convocou a contratación, polo procedemento negociado sen publicidade, da realización do traballo de campo e depuración de datos da enquisa a titulados do Sistema Universitario de Galicia 2008-2009.

Presentaron solicitudes de participación as seguintes empresas:

- Centro de Atención de Llamadas, S.A.
- Instituto Sondaxe, S.L.
- Obradoiro de Socioloxía, S.L.

Valoración de ofertas: Examinada a oferta económica e técnica das empresas licitadoras, de acordo cos criterios de valoración recollidos no prego de cláusulas administrativas particulares, as ofertas quedan clasificadas na seguinte orde:

	Oferta económica	V. Entrega	Valor. Total
Centro de Atención de Llamadas, S.A.	74,03	15,00	89,03
Instituto Sondaxe, S.L.	85,00	15,00	100,00
Obradoiro de Socioloxía, S.L.	76,73	15,00	91,73

A oferta presentada pola empresa Instituto Sondaxe, S.L. considérase a mellor valorada consonte aos criterios de puntuación recollidos no prego de cláusulas administrativas particulares, cunha puntuación final de 100 puntos sobre 100 do baremo total, ao presentar a menor oferta económica, sen incorrer en baixa temeraria, e obter a máxima puntuación posible na valoración do prazo de entrega. Estes dous aspectos fan que a oferta seleccionada obtivese a maior puntuación final.

En base a todo o anterior,

RESOLVO:

1.-Adxudicar o contrato consistente no servizo do traballo de campo e depuración de datos do "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2008-2009" á entidade Instituto Sondaxe, S.L. por un importe de 31.447,00 euros, IVE incluído.

2.-Notificar esta adxudicación aos licitadores e publicala simultaneamente no perfil do contratante da ACSUG.

3.-A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo non máis tarde de 5 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación.

En Santiago de Compostela, a 20 de setembro de 2011

J. Eduardo López Pereira
Director da ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA